



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porei nas vosas entrañas un espírito novo (Ez 36, 26)

Unha Igrexa sinodal, unha misión renovada

Advento 2024

A todos os feis da Igrexa que peregrina en Santiago de Compostela

Como o pobo de Israel no exilio recibía unha palabra de alento, o tempo de Advento dáenos como un tempo de graza que alenta unha renovada esperanza: as promesas de Dios ao seu pobo non poden fallar. O profeta Ezequiel (s. VI aC) chama á conversión e á esperanza: Deus en persoa apacentará ao seu pobo, tanto o que vive no desterro babilónico como o que permaneceu en Xudá, e ofreceralle unha alianza nova e definitiva (cf. Ez 34). Nos tempos novos e esperados o pobo de Deus recibirá do Señor un corazón novo e un espírito novo: o corazón do pobo, o corazón de cada un de nós – “o que me distingue, o que configura na miña identidade espiritual e me pon en comunión coas demais persoas”¹ – será renovado polo Señor para palpitar conforme á súa vontade de vida e liberdade (corazón de carne) fronte ás pétreas actitudes que nos paralizan en queixumes e queixas (corazón de pedra) (cf. Ez 36,26b). Un espírito novo, o espírito de Deus que será infundido a todo o pobo, non como mera moda ou novidade, senón como don que vén do alto, anticipo da filiación e fraternidade realizadas en Cristo: “A proba de que sodes fillos del é que Deus mandou aos vosos corazóns o Espírito do seu Fillo, que exclama: *Abbá!* (que quere dicir: *Pai*)” (Gal 4,6; cf. Rom 8,26; DN 76).

¹ FRANCISCO, *Carta encíclica «Dilexit nos». Sobre o amor humano e divino do corazón de Xesús Cristo (=DN)* (Roma, 24 de outubro de 2024) 14.



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Espírito infundido polo Señor “impúlsanos a avanzar xuntos no camiño da conversión pastoral e misioneira, que implica unha profunda transformación das mentalidades, actitudes e estruturas eclesiais”². Como superar as nosas resistencias, persoais e comunitarias ao cambio, asumindo a lóxica do Evanxeo e deixando de lado as rutinas que nos impiden responder con creatividade e valentía aos desafíos actuais? O Espírito disponnos a unha permanente conversión do corazón para facer de todos nós pedras vivas dun edificio espiritual (cf. *1Pe* 2,5; LG 6): a Igrexa que se edifica “como un fogar acolledor, como un sacramento de encontro e salvación, unha escola de comunión para todos os fillos e fillas de Dios” (*DF Sínodo Sinodalidade* 115).

Coa efusión do Espírito comeza a nova creación e nace un pobo de discípulos misioneiros (cf. *Xn* 20,21-22): “En todos os bautizados, desde o primeiro ata o último, actúa a forza santificadora do Espírito que impulsa a evanxelizar. O Pobo de Deus é santo por esta unción que o fai *infallible in credendo*. Isto significa que cando cre non se equivoca, aínda que non atope palabras para explicar a súa fe. O Espírito guíao na verdade e condúceo á salvación” (*EG* 119). E aínda que dicimos en primeira persoa, creo, isto só é posible porque se forma parte dunha gran comunión, porque tamén se di cremos (cf. *Lumen Fidei* 39). Aí reside ese instinto de fe (*sensus fidei*), na totalidade dos fieis, de todo o pobo de Dios, non no meu “eu” solitario que afirmar crer, senón o *nós cremos* pronunciado sinfonicamente por cada un ao dicir *creo*: “En virtude do Bautismo «o pobo santo de Deus participa da función profética de Cristo, dando testemuño vivo del sobre todo cunha vida de fe e de caridade» (LG 12). Grazas á unción do Espírito Santo recibida no Bautismo (cf. *1 Xn* 2,20.27), todos os crentes posúen un instinto para a verdade do Evanxeo, chamado *sensus fidei*” (*DF Sínodo Sinodalidade* 22).

² XVI ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA DO SÍNODO DOS BISPOS. Segunda sesión (2-27 outubro 2024), *Por unha Igrexa Sinodal: comunión, participación, misión. Documento final (DF Sínodo Sinodalidade)* (26 outubro 2024), 14.



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha misión sinodal

Cada membro do pobo de Deus convertémonos en discípulos misioneiros (cf. *EG* 120). Todos somos chamados a ofrecer aos demais o testemuño explícito do amor salvífico do Señor, a pesar das nosas imperfeccións e limitacións, e, por iso, non podemos esquecer que tamén todos estamos chamados a crecer como evanxelizadores, o que implica un compromiso por formarnos e profundar o noso amor ao Señor e o noso testemuño do Evanxeo (cf. *EG* 121): "A misión é un estímulo constante para non quedar na mediocridade e para seguir crescendo. O testemuño de fe que todo cristián está chamado a ofrecer implica dicir como san Paulo: «Non é que eu xa chegase á meta nin que xa chegase á perfección. Non. Eu aínda vou correndo [...] e lánzome cara o que está diante» (*Flp* 3,12-13)" (*EG* 121).

No plural sinfónico co que profesamos, celebramos e vivimos a fe, somos convocados a ser unha comunidade diocesana que acolle a sinodalidade como "un camiño de renovación espiritual e de reforma estrutural para facer á Igrexa máis participativa e misioneira, é dicir, para facela máis capaz de camiñar con cada home e muller irradiando a luz de Cristo" (*DF Sínodo Sinodalidade* 24). Recentemente constituímos e renovamos os diversos organismos de sinodalidade e comunión na nosa diocese: Consello Presbiteral, Consello de Asuntos Económicos, Consello Pastoral Diocesano e Colexio de Arciprestes e Vicearciprestes. A súa constitución é, ante todo, unha chamada, máis que un mero proceso normativo, a vivir de modo efectivo e comprometido a corresponsabilidade eclesial: as estruturas serven se canalizan e sosteñen procesos de conversión persoal e pastoral; os roteiros e programas de acción pastoral non poden quedar na retórica dos bos propósitos ou na cómoda actitude do espectador escéptico. Unha vez máis, debemos deixar atrás a rémora do "sempre se fixo así" ou do "habriqueísmo", escusas e lastre da vida pastoral.



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Todo se refire á única misión que Cristo encomendou á Igrexa: anunciar o Evanxeo a todas as nacións (cf. *Mt 28,19-20; Mc 16,15-16*). Evanxelizar é “a misión esencial da Igrexa [...] é a graza e a vocación propia da Igrexa, a súa identidade profunda” (*EN 14*). Por iso, “sinodalidade e misión están intimamente ligadas: a misión ilumina a sinodalidade e a sinodalidade impulsa á misión” (*DF Sínodo Sinodalidade 32*). Camiñar xuntos e en misión como Igrexa diocesana require docilidade á acción do Espírito e escoita da Palabra de Deus, contemplación, silencio e conversión do corazón. Así saberemos acoller con gratitude e humildade a variedade de dons e tarefas distribuídos polo Espírito Santo para o servizo do único Señor (cf. *1 Co 12,4-5*) nesta Igrexa de Santiago. Sen ambicións nin envexas, nin desexos de dominio ou control, sen afán de sinalar nin xerar espazos excluíntes, cultivando, ante todo, os mesmos sentimentos de Cristo Xesús, que “se espiu do seu rango, asumiu a condición de escravo” (*Flp 2,7*). A fecundidade que obra o Espírito percíbese cando a vida da Igrexa está marcada pola unidade e a harmonía na pluriformidade (*DF Sínodo Sinodalidade 43*).

Unha das expresións máis xenuínas da comunión é a aceptación sincera da diversidade de carismas e realidades que vertebran a vida das nosas parroquias e comunidades diocesanas. Precisamos adquirir unha espiritualidade da comunión... “rexeitando as tentacións egoístas que continuamente nos axexan e xeran competitividade, ganas de facer carreira, desconfianza e envexas. Non nos fagamos ilusións: sen este camiño espiritual, de pouco servirían os instrumentos externos da comunión. Converteríanse en medios sen alma, máscaras de comunión máis que os seus modos de expresión e crecemento”³.

³ XOAN PAULO II, *Novo Millennio Ineunte* (Roma, 6 de xaneiro de 2001) 43.



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Unha misión renovada en e desde Cristo

Inspirados polo Evanxeo, quixésemos propoñer a modo de folla de roteiro, tres "leis evanxelizadoras" que nos poden axudar a camiñar polas sendas dunha misión renovada. A primeira sería a "*lei da expropiación*", é dicir, non falar en nome propio, senón en nome de Cristo e da Igrexa, manténdonos firme no feito de que "evanxelizar non é simplemente unha forma de falar, senón unha forma de vivir": a saber, a clara consciencia de pertencer a Cristo e ao seu Corpo (a Igrexa) que transcende o propio eu; a segunda é a "*lei da semente de mostaza*", é dicir, a valentía de evanxelizar con paciencia e perseveranza, sen pretender obter resultados inmediatos, e lembrando sempre que a lei dos grandes números non é a lei do Evanxeo. E finalmente a "*lei do xerme de trigo*", é dicir, saber que para dar a vida debemos morrer a nós mesmos, debemos aceptar a lóxica da cruz.

Só poderemos acoller con espírito novo estas actitudes evanxelizadoras se recoñecemos que o Espírito é o verdadeiro protagonista de toda evanxelización, porque é o Espírito quen fai viva a memoria de Xesús, o Evanxeo encarnado do Pai; é o que nos leva á verdade completa, o que suscita en nós –como un gran don- a fe; é o Espírito quen converte, quen ora, quen crea comunión: "O Espírito Santo, por quen a voz do Evanxeo resoa viva na Igrexa, e por ela no mundo, vai inducendo aos crentes na verdade enteira, e fai que a palabra de Cristo habite neles abundantemente (cf. Col 3,16)" (DV 8).

A evanxelización só é posible na forza do alto, na forza do Espírito Santo (cf. Lc 24,27-29; Feit 1,8). O Espírito Santo guía a misión. El é o que unha e outra vez abre novas portas (cf. Feit 16,6-8; 2 Cor 2,12). Só se a Igrexa en Santiago está colmada do Espírito Santo será capaz de ser misioneira e evanxelizadora.

Redescubrir a alegría e a beleza de crer e atopar un novo entusiasmo na comunicación da fe, como nos lembraba o papa Bieito XVI, pódese quedar nun bonito



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

propósito se cada crente non acollemos en nós a vida nova que o Pai nos dá en Cristo polo Espírito, ou sexa, a santidad, a vida nova de cada cristián⁴. Só evangeliza quen se deixou evangelizar. Non se pode transmitir o que non se cre e o que non se vive. É necesario que unha misión renovada estea acreditada pola propia conduta de vida, pola credibilidade persoal e comunitaria dunha vida modelada polo Evanxeo: “creo e por iso falo” (2 Cor 4,13).

Poñámonos como Igrexa diocesana á escoita de Xesús, poñamos ao Señor no centro, que nos convida a crer nel e a extraer a auga viva que mana da súa fonte (cf. Xn 4,14). Entón nin o sal da vida cristiá volverase eslamiada nin a luz de Cristo no crente apagarase (cf. Mt 5,13-16). Por iso, é preciso redescubrir o gusto de alimentarnos coa Palabra de Deus e co Pan da Vida (cf. *Porta fidei* 3) para seguir nutrindo a experiencia dun amor, o de Deus, que se recibe e se comunica como experiencia de graza e de gozo, e que nos abre o corazón e a mente para acoller a invitación do Señor para aceptar a súa Palabra para ser os seus discípulos (cf. *Porta fidei* 7).

A experiencia de Xesús Cristo ha de ser vivida na comunidade da fe, na que habemos de superar a tentación de crer sen pertencer, porque un cristián só e solitario non é cristián. Hai que ser cristiáns concretos: non se pode perdurar no illamento e na distancia cos demais crentes. E a Igrexa, nas súas diversas comunidades, é o espazo ofrecido por Cristo para este encontro. De aquí deriva a necesidade de que estas comunidades eclesiais sexan acolledoras, espazos onde todos se atopen “como na casa”. Como nos lembra o papa Francisco, “non se debería pensar nesta misión de comunicar a Cristo coma se fose soamente algo entre el e eu. Vívese en comunión coa propia comunidade e coa Igrexa. Se nos afastamos da comunidade, tamén nos iremos

⁴ Cf. BIEITO XVI, *Porta fidei. Carta apostólica en forma de “motu proprio” coa que se convoca o Ano da fe* (Roma, 11 de outubro de 2011) 7.



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

afastando de Xesús. Se a esquecemos e non nos preocupamos por ela, a nosa amizade con Xesús irase arrefriando" (DN 212).

- **A *diakonía*, linguaxe dunha misión renovada**

A misión de Xesús debería transparentarse na nosa. E a misión de Xesús era, sobre todo, *diakonía de amor* cara aos máis necesitados: "eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo" (Xn 10,10). A *diakonía* da fe (beber e ofrecer a auga viva; cf. a samaritana: Xn 4,5-42) debe ser daquela "fe que actúa a través do amor" (Gal 5,6) (acoller e curar ao ferido; cf. o samaritano: Lc 10,25-37). Por iso, os apelativos samaritano (*diakonía da caridade*) e samaritana (*diakonía da fe*) convertéronse, por moitas razóns e polo que implican, para a Igrexa e para cada cristián, nos substantivos imprescindibles da nosa identidade e misión.

A *diakonía* é a linguaxe que, máis que con palabras, se expresa, desde a gratuidade, nas obras de fraternidade, de proximidade e de axuda ás persoas nas súas necesidades espirituais e materiais. Unha *diakonía* que nos pide alzar a voz sen medo en defensa de quen está sufrindo, hoxe, moi graves inxustizas, vítimas das guerras, da trata, da violencia, da falta dun traballo digno e seguro. Non perdamos unha mirada e sensibilidade evanxélicas ante a necesaria acollida e integración das persoas migradas: é inaceptable utilizar aos migrantes ou refuxiados como arma política, cando xa acumulan a dor polo desarraigamento e o abuso das mafias. Han de ser acollidos desde a legalidade e en fraternidade. Nas nosas palabras e xestos debe oírse aquela pregunta de Xesús ao cego Bertomeu: "Que queres que che faga?" (Mc 10,51). O próximo sempre ten rostro concreto e alí o Señor espéranos: os damnificados pola recente DANA que arrasou tantos pobos e tantas vidas; a dificultade no acceso á vivenda dos mozos e familias; a secuela do paro xuvenil ou das adiccións que tanto escravizan a liberdade e a dignidade das persoas.



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Precisamos unha esperanza encarnada e comprometida que nos permita recuperar unha vida na que vivir sexa máis que sobrevivir⁵.

- Unha misión compartida

Para proclamar con fecundidade o Evanxeo requírese unha profunda comunión entre os fillos e fillas de Deus na Igrexa local. Ese é o signo distintivo que fai crible e eficaz o anuncio: "Douvos un mandamento novo; amádevos uns a outros: como eu vos amei, amádevos tamén entre vós. Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros" (Xn 13,34-35).

É necesario axuntar criterios, puntos de vistas e accións na evanxelización para responder así os desafíos que habemos de afrontar e para evitar o risco da dispersión e da fragmentación. Pidamos como don e asumamos como compromiso un clima de comunión que permita ver cun espírito diferente os desafíos do presente. Trátase de xerar unidade, non uniformidade.

Unha sinfonía de actitudes e compromisos, baseados na "proximidade, apertura ao diálogo, paciencia, e unha acollida cordial que non condena" (EG 165) e atentos ao outro, recoñecido como próximo, para que non se imponha a verdade e se apele á liberdade (EG 165). Actuar con humildade e respecto cando evanxelizamos, transmitindo un "anuncio que se comparte cunha actitude humilde e testemuñal de quen sempre sabe aprender, coa conciencia de que esa mensaxe é tan rica e tan profunda que sempre nos supera" (EG 128). Trátase de aprender da situación vital do interlocutor e aprender da eficacia e grandeza do mesma mensaxe do cal un é humilde portador. Mostremos, desde unha comunicación alegre e vital, cunhas notas de alegría, estímulo, vitalidade (cf. EG 165), que somos capaces de recoñecer na vida diocesana

⁵ Cf. BYUNG-CHUL HAN, *El espíritu de la esperanza* (Barcelona 2024).



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

unha pluralidade de formas e de creatividade: “Non hai que pensar que o anuncio evanxélico deba transmitirse sempre con determinadas fórmulas aprendidas, ou con palabras precisas que expresen un contido absolutamente invariable. Transmítese de formas tan diversas que sería imposible describilas ou catalogalas, onde o Pobo de Deus, cos seus innumerables xestos e signos, é suxeito colectivo” (EG 129).

Recoñecer a necesidade dun cambio de perspectiva, dunha verdadeira conversión, obra do Espírito que nos unxe: estar a escoita. Porque máis que analizar o home e a sociedade, escoitemos o que nos quere dicir o home de hoxe: que vive, que espera, que pensa de Deus, da fe, da Igrexa, de si mesmo... Así evitaremos estar os mesmos cos mesmos. É un cambio de mentalidade, de visión, de percepción da realidade, que implica posteriormente unha nova forma de comportarse e ser nas nosas comunidades eclesiais e na sociedade: “De escoita profunda das necesidades e da fe das persoas coas que se atopaba [Xesús], brotaban palabras e xestos que renovaban as súas vidas, abrindo o camiño a relacións restauradas. Xesús é o Mesías que «fai cos xordos oían e que os mudos falen» (Mc 7,37). Pídenos a nós, os seus discípulos, que nos comportemos da mesma maneira e dámos, coa graza do Espírito Santo, a capacidade de facelo, modelando o noso corazón segundo o seu: só «o corazón fai posible calquera vínculo auténtico, porque unha relación que non se constrúe co corazón é incapaz de superar a fragmentación do individualismo» (DN 17). Cando escoitamos aos nosos irmáns, participamos da actitude na que Deus, en Xesús Cristo, sae ao encontro de cada un” (DF Sínodo Sinodalidade 51).

Conclusión

Neste tempo apaixonante, a Igrexa en Santiago de Compostela ha de ser un oasis de esperanza, onde os cántaros secos de tantos homes e mulleres sexan colmados coa auga da vida nova do Evanxeo e coa misericordia entrañable de Dios (cf. EG 81). É



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

tempo de paixón e audacia!! Hai que multiplicar e facer accesibles aos seres humanos de hoxe os pozos nos cales sexan convidados a saciar a súa sede, a experimentar un oasis nos desertos da vida, a atoparse con Xesús.

Cando fiamos todo ás nosas forzas e posibilidades adoitamos sucumbir ao pesimismo e damos o empeño por perdido. Como romper esta inercia? Todo o que vos comparto só é posible a nivel persoal, eclesial e pastoral se o aceptamos, ao mesmo tempo, como don e tarefa. Porque só de Dios vén a vida nova, a verdadeira renovación que nos leva, como Igrexa, ao corazón do Evanxeo para converternos en evangelizadores con Espírito (cf. *EG* 262). Temos a responsabilidade de acoller ese don e facelo acontecemento persoal e comunitario para non converter a vida pastoral en obrigacións simplemente soportadas.

Somos conscientes de que "levamos ese tesouro en vasos de barro. E así esa forza tan extraordinaria aparece como forza de Deus, e non nosa" (2 *Cor* 4,7). E por iso, nunca debemos sentirnos esmagados, desesperados e abandonados (cf. 2 *Cor* 4,8). Debemos avivar a confianza na misteriosa fecundidade do Espírito que "acode a axudar a nosa debilidade" (*Rm* 8,26). Non se resume todo en resultados e estatísticas. Como discípulos misioneiros a nosa tarefa é sementar: a acción fecunda do Espírito fará que non se perda ningún traballo, ningún esforzo, ningunha preocupación sincera e ningunha entrega xenerosa. Cada un dos dons e carismas, as diferentes vocacións eclesiais son expresións diversas da única chamada bautismal á santidad e á misión. Teñen a súa orixe na liberdade do Espírito Santo, e non son propiedade exclusiva de quen os reciben e exercen, nin poden ser motivo de reivindicación para si mesmos ou para un grupo.

O próximo Xubileu Romano de 2025 convócanos a camiñar na esperanza en Cristo que non declina e que nos sostén para seguir percorrendo os carreiros das nosas



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

parroquias e feis, das nosas familias e comunidades, dos homes e mulleres destas terras cos que a Igrexa en Santiago quere compartir vida e plenitude evanxélicas, o desexo e compromiso por unha xustiza e dignidade que edifiquen unha sólida paz. Agardo que podamos facer xuntos, en comunión, este camiño que o Señor nos convida a percorrer. Unxidos polo Espírito Santo, cuxa presenza alentadora séguese irradiando nos crentes desta Igrexa diocesana, abramos camiño á Esperanza que, de novo, achégase a nós neste tempo de Advento⁶. María, Nai da Esperanza, acompáñanos e ora connosco nesta gozosa espera.



Fco. Prieto

Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela

1 de decembro de 2024
I Domingo de Advento

⁶ FRANCISCO, *Spes non confundit*. Bula convocatoria del Jubileo ordinario del año 2025 (Roma, 9 de mayo de 2024) 3.